



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Corrección erro aritmético nas bases específicas reguladoras do proceso selectivo para a cobertura de dúas prazas de axentes de protección civil incluídas nas Ofertas de Emprego Público dos anos 2022 e 2023 do Concello de Cambre

Por Resolución da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos núm. 1453/2024 de data 02/12/2024, aprobouse a corrección de erro aritmético nas Bases Específicas reguladoras do proceso selectivo para a cobertura de dúas prazas de axentes de protección civil incluídas nas Ofertas de Emprego Público dos anos 2022 e 2023 que se indica a continuación:

Corrixir o erro aritmético advertido no apartado c) “Carreira de velocidade sobre 50 metros” do segundo exercicio da oposición regulado na base sexta das específicas que rexen a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura de dúas prazas de axentes de protección civil encadradas na Escala de Administración Especial, Subescala Servizos especiais, clase Cometidos especiais, aprobadas por Resolución nº 875/2024 da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos de data 18 de xullo de 2024 (BOP nº 165 do 28/08/2024), consistente no tempo máximo de execución desta proba física, no seguinte senso:

Onde di: “Carreira de velocidade sobre 50 metros.

Tempo máximo: 7,30 segundos para os homes e 8,30 segundos para as mulleres”.

Debe dicir: “Carreira de velocidade sobre 50 metros.

Tempo máximo: 8,00 segundos para os homes e 9,00 segundos para as mulleres”.

En Cambre a 05 de decembro do 2024

A concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos

(Res. Alcaldía 469/2024 do 12 de abril)

María Yolanda Díaz Baldomir

2024/8822